

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

**PROPOSTA DE REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR
NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

I.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, aprobada polo Parlamento de Galicia, regula os aspectos básicos dos servizos sociais en canto sistema integrado e servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 4/1993 establece no seu artigo 21 que lles corresponden ós concellos a competencia para a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria; e no artigo 26 sinala que a Administración autonómica ten competencia para a planificación e programación xeral dos servizos, así como para a ordenación e coordinación do sistema de servizos sociais.

En consecuencia, como desenvolvemento da lei, o Decreto 240/1995, do 28 de xullo, regula os servizos sociais de atención primaria, de forma que se garanta a atención básica e xeneralizada na totalidade do territorio autonómico cuns contidos mínimos na prestación dos servizos a tódolos cidadáns.

Unha das prestacións básicas dos servizos sociais de atención primaria é a **AXUDA NO FOGAR**.

A Orde do 22 de xullo de 1996, da CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS, publicada no DOG nº 163, do 21 de agosto de 1996, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, pretende unha normativa máis concreta e específica, que conteña os principios básicos da ordenación do Servizo, e establece, na súa Disposición Transitoria Primeira, que os Concellos que teñan regulado o Servizo de Axuda no Fogar no momento da súa entrada en vigor, disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptala, se é o caso, a ela.

O actual regulamento que rexe o Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vilagarcía de Arousa, foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 14 de novembro de 1991.

Faise necesaria unha modificación do actual regulamento, modificación que, dada a súa envergadura, desborda as posibilidades dunha mera adaptación, e faise necesario un NOVO REGULAMENTO.

**TÍTULO PRIMEIRO
DA FINALIDADE E ATENCIÓNS**

**Capítulo primeiro
Da finalidade do SAF**

Artigo 1º

O Servicio de Axuda no Fogar ten por obxecto prestarlles un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora ós cidadáns no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia e evitando así a súa posible institucionalización, e de conformidade co establecido no artigo 2º da Orde do 22 de xullo de 1996.

**Capítulo Segundo
Das atencións que comprende**

Artigo 2º

1.- O Servicio de Axuda no Fogar debe de ofrecerlles unha atención integral e polivalente ós usuarios, que abarque diferentes necesidades do individuo, apoiando e estimulando os aspectos da relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida. Tódalas intervencións que se fagan neste ámbito terán carácter preventivo, educativo e rehabilitador.

2.- A variedade de prestacións que se ofrecen dende o Servicio de Axuda no Fogar, concretaranse nun conxunto de atencións de carácter persoal, doméstico, psicosocial e educativo e de carácter técnico e complementario, de conformidade co disposto no artigo 3º da citada Orde.

**TÍTULO SEGUNDO
DOS USUARIOS E PERSOAL DO SERVICIO**

**Capítulo primeiro
Dos usuarios**

Artigo 3º

1.- O Servicio de Axuda no Fogar estará dirixido a toda a poboación, pero terá como obxecto prioritario de atención a aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen algunha das atencións descritas no artigo anterior, sempre e cando sexa o recurso axeitado segundo a valoración feita polos profesionais dos Servicios Sociais de Atención Primaria, de conformidade co disposto no Artigo 4º da mencionada Orde reguladora deste Servicio.

**Capítulo segundo
Do persoal do servizo SAF**

Artigo 4º

O persoal que pode intervir no SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR estará composto por profesionais e voluntarios e as súas funcións e tarefas virán determinadas polo disposto nos artigos 5º e 6º da citada Orde do 22 de xullo de 1996.

**Capítulo terceiro
Das obrigas do persoal**

Artigo 5º

1.- Establécense, con carácter xeral para os usuarios, así como para os distintos profesionais e voluntarios implicados no Servizo, as seguintes obrigas.

- Respecta-la intimidade do usuario e garda-la debida confidencialidade.
- Comunica-las causas que se poidan producir que dean lugar a modificacións na prestación do servizo.
- Respecta-las normas e condicións establecidas para o Servizo.

2.- OBRIGAS ESPECÍFICAS DOS USUARIOS.

- Facilita-lo seguimento e control do desenvolvemento do Servizo polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.
- Dispensar un trato correcto ós profesionais e voluntarios implicados no Servizo.
- Pór á disposición do/da auxiliar do fogar os útiles e materiais necesarios para a realización das tarefas encomendadas.
- Comunicar no Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello, no prazo máximo de 10 días dende que se produza, calquera variación que poida supoñer unha modificación, suspensión ou extinción do Servizo, tales como traslado a outro domicilio, variación na situación familiar ou económica, atoparse sen auxiliar de fogar, etc.
- Aporta-la contía económica que, segundo o caso, lle corresponda de conformidade coa súa situación.

3.- OBRIGAS ESPECÍFICAS DOS/DAS AUXILIARES DO FOGAR.

- Non realizar funcións ou tarefas fóra das especificamente encomendadas polo equipo do Departamento de Servizos Sociais, salvo casos de urxente necesidade.
- Participar nos cursos de formación e nas xuntanzas que, dende o Departamento de Servizos Sociais, se consideren necesarios para mellora-la calidade do Servizo ou para un mellor seguimento do mesmo.

**TÍTULO TERCEIRO
DA EXTINCIÓN E SUSPENSIÓN DO SAF**

**Capítulo primeiro
Das causas de extinción**

Artigo 6º

1.- Serán causa de extinción do SAF, ademais das establecidas no artigo 10º da Orde, as seguintes:

1. Falsidade ou ocultación nos datos que deron lugar á súa concesión e/ou continuidade no Servizo.
2. A falla de colaboración da persoa ou familia atendida para levar a cabo as tarefas propostas.
3. Incumprimento das obrigas
4. Ausencia do fogar por tempo superior a 2 meses.
5. Atoparse sen empregada do fogar por un tempo superior a 1 mes, por causa directamente imputable ó beneficiario do SAF.
6. Retraso inxustificado no pago da cota mensual que lle corresponda, por un tempo superior a 30 días.
7. Que o Concello deixe de presta-lo Servizo por falta de Presuposto ou por ser asumido por outra Administración.
8. Por necesidades de reorganización do Servizo.

2.- A extinción do SAF suporá a baixa no Servizo e a posibilidade de que non poida volver a solicitar de novo o Servizo ata transcurridos 12 meses dende que se produciu, así como o reintegro das cantidades aportadas pola Administración para o financiamento do custo do Servizo prestado.

**Capítulo segundo
Das causas de suspensión**

Artigo 7º

Serán causas de suspensión do SAF, as seguintes:

1. Atoparse sen auxiliar do fogar por tempo igual/inferior a 1 mes, sempre que se comunique no prazo máximo de 10 días seguintes á data na que se produza o feito no Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria.
2. Ingreso temporal en residencia, centro hospitalario ou similar, por tempo inferior a 2 meses, sempre e cando se comunique puntualmente no Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria, e, en todo caso, nun prazo de tempo non superior a 10 días dende a data de ingreso.
3. Pasa-lo usuario a estar atendido, con carácter temporal, polos seus familiares ou outras persoas alleas ó Servizo, e sempre por un tempo superior ós 2 meses.
4. Naqueles casos en que, a xuízo do equipo dos Servizos Sociais de Atención Primaria, se considere necesaria unha suspensión temporal do Servizo.

A suspensión do SAF suporá unicamente que o usuario terá reservada a praza durante o tempo que dure a suspensión.

O período máximo da suspensión será de 2 meses.

TÍTULO CUARTO DO ACCESO Ó SERVICIO

Capítulo 1º Dos criterios para a selección dos beneficiarios

Artigo 8º

Establécense dous sistemas de baremación diferenciados, segundo se trate de persoas con problemas de autonomía persoal (en especial minusválidos e terceira idade) ou ben se trate de persoas onde a súa problemática no está directamente relacionada coa autonomía persoal.

1. Persoas con problemas de autonomía persoal.

Situación económica:	ata 70 puntos (anexo I)
Autonomía persoal:	ata 71 puntos (anexo II)
Situación socio-familiar:	ata 79 puntos (anexo III)

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 220 PUNTOS

2. Persoas con problemáticas non relacionadas directamente coa súa autonomía persoal.

Situación económica:	ata 70 puntos (anexo I)
Situación socio-familiar:	ata 150 puntos (anexo IV)

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 220 PUNTOS

Capítulo segundo Dos requisitos xerais para acceder ó SAF

Artigo 9º

Os requisitos para poder ser beneficiarios do SAF serán os seguintes:

- a- Estar empadronado e ter residencia efectiva no municipio de Vilagarcía de Arousa.
- b- Presenta-la solicitude debidamente cumprimentada no Rexistro Xeral do Concello.
- c- Acredita-la situación de necesidade do Servicio de acordo co establecido no artigo 3º do presente Regulamento e que será valorada polos Traballadores Sociais dos Servicios Sociais de Atención Primaria, mediante o correspondente Informe e logo de aplica-los correspondentes baremos establecidos ó efecto.

- d- Asina-lo correspondente contrato de aceptación do Servizo, no que o beneficiario se comprometa a acepta-las condicións acordadas, incluído o pago das cantidades que, no seu caso, lle puideran corresponder.

Capítulo terceiro Da presentación da solicitude

Artigo 10º

A solicitude para ser incluído no Programa de SAF, presentarse no Rexistro do Concello, segundo o modelo establecido ó efecto, e achegando a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI e da cartilla de asistencia sanitaria.
2. Fotocopia do Libro de Familia.
3. Certificado de convivencia e de empadramento no Concello.
4. Xustificante de ingresos da unidade familiar de convivencia, mediante certificado de pensións, nómina de salarios referida ó último mes, copia da última declaración da renda ou certificación negativa, certificado de propiedades, etc.. Naqueles casos en que se careza de documentación acreditativa, asinarase unha declaración xurada de bens e de ingresos.
5. Informes médicos acreditativos das incapacidades alegadas
6. Xustificante de pago de hipoteca ou aluguer da vivenda.

Entenderase por unidade familiar, o conxunto de persoas que conviven no mesmo fogar, exista ou non relación de parentesco entre elas.

O Traballador Social, poderá requirir ó interesado toda aquela documentación que considere para unha mellor valoración da solicitude, pasando a ter carácter de documentación imprescindible para a resolución da mesma.

Así mesmo, calquera veciño poderá pór en coñecemento dos SERVICIOS SOCIAIS aqueles casos de persoas ou familias que ó seu xuízo poidan ser beneficiarios do SAF.

Capítulo cuarto Da tramitación da solicitude

Artigo 11º

1.- A tramitación da solicitude regularase polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- O Traballador Social, logo da correspondente visita domiciliar a cada solicitante do Servizo, emitirá o correspondente Informe Social coa correspondente Proposta na que se incluírá o resultado da aplicación dos baremos de valoración correspondente.

3.- A Proposta de intervención deberá de incluí-lo número total de horas de atención que se deberán de aplicar, o orzamento necesario, as tarefas que deberán de realizarse e a tarifa que, no seu caso, lle corresponda pagar ó usuario.

4.- O órgano competente para resolve-las solicitudes, será a Comisión Municipal de Goberno. No caso de resolución positiva, o solicitante pasará a ter consideración de Alta no Servizo ou a integra-la Lista de Espera, (segundo a orde de prioridade fixada en función da puntuación acadada), de conformidade coa dispoñibilidade orzamentaria do Servizo.

5.- Cando a situación poida considerarse como URXENTE, conforme ó establecido no artigo 9º da Orde, será necesario o Informe-Proposta do/da Traballador/a Social, no que se farán consta-las circunstancias que a xustifiquen. En todo caso, no prazo máximo de 2 meses, deixará de te-lo carácter de urxente, polo que deberá de tramitarse polo procedemento ordinario.

6.- Naqueles casos en que o Servizo de Axuda no Fogar se considere claramente insuficiente e cando haxa unha desatención grave da persoa, porase en coñecemento dos seus familiares máis achegados para que asuman a responsabilidade que lle corresponda. No caso de no ter familiares ou cando estes manifesten expresa ou tacitamente non querer facerse cargo da situación, porase en coñecemento da autoridade xudicial competente.

Capítulo quinto Da revisión dos beneficiarios

Artigo 12º

1.- Anualmente, farase unha revisión a tódolos beneficiarios do SAF co fin de comprobar que se manteñen as circunstancias que deron lugar á concesión do Servizo. A tal fin, o Traballador Social poderá requirirle ó interesado toda aquela documentación que ó seu xuízo considere necesaria.

2.- Así mesmo, en calquera momento, cando existan dúbidas razoables de que puido haber modificación nas circunstancias persoais, familiares, económicas ou doutra índole, non comunicadas polo interesado, e que poidan supoñe-la súa baixa no Servizo, tamén se poderá requirir ó interesado para verifica-la súa certeza. A tal fin, poderá procederse á SUSPENSIÓN CAUTELAR do Servizo, mentres o interesado no aporte a documentación ou informacións que se lle requiran.

3.- Tamén se prevé a posibilidade de que, por necesidades orzamentarias ou do propio Servizo, se poida facer unha modificación no número de horas concedidas a cada beneficiario, que en todo, caso, deberá de notificarse ó interesado cunha antelación mínima de 1 mes.

**TÍTULO QUINTO
DA FINANCIACIÓN E XESTIÓN DO SERVICIO**

**Capítulo primeiro
Do financiamentoesta**

Artigo 13º

1.- Respecto do financiamento do Servicio, esta farase de conformidade co previsto no artigo 12º da Orde do 22 de xullo de 1996 e no título 7 da lei 4/1993, de servicios sociais.

2.- Os usuarios colaborarán, en función das súas posibilidades, clasificándose en distintos grupos: os exentos de pagamento, os de pagamento porcentual e os de pagamento total.

3.- Prevese o seguinte baremo económico:

APORTACIÓN ECONÓMICA SEGUNDO O CRITERIO DE RENDA PER CÁPITA FAMILIAR MENSUAL

UNIDADES FAMILIARES DE 1 MEMBRO

INGRESOS

**APORTACIÓN USUARIO
(equivalente en ptas./98)**

ATA 0 65 % DO S.M.I.	GRATUÍTO	ata 44.226 pts.
DO 65 % DO S.M.I. +1 ó 75 % DO S.M.I.	10 %	44.227-51.030 pts.
DO 75 % DO S.M.I. +1 ó 85 % DO S.M.I.	20 %	51.031-57.834 pts.
DO 85 % DO S.M.I. +1 ó 95 % DO S.M.I.	30 %	57.835-64.638 pts.
DO 95 % DO S.M.I. +1 ó 105 % DO S.M.I.	40 %	64.639-71.442 pts.
DO 105 % DO S.M.I. +1 ó 115 % DO S.M.I.	60%	71.443-78.246 pts.
DO 115 % DO S.M.I. +1 ó 125 % DO S.M.I.	80 %	78.247-85.050 pts.
SUPERIORES ó 125 % DO S.M.I. +1	100 %	máis de 85.050 pts.

UNIDADES FAMILIARES DE 2 OU MÁIS MEMBROS

**INGRESOS SEGUNDO RENDA
PER CÁPITA FAMILIAR**

**APORTACIÓN USUARIO
(equivalente en ptas/98 r.p.f.)**

ATA 0 50 % DO S.M.I.	GRATUÍTO	ata 34.020 pts.
DO 50 % DO S.M.I. +1 ó 60 % DO S.M.I.	40 %	34.021-40.824 pts.
DO 60 % DO S.M.I. +1 ó 70 % DO S.M.I.	50 %	40.825-47.628 pts.
DO 70 % DO S.M.I. +1 ó 80 % DO S.M.I.	60 %	47.629-54.432 pts.
DO 80 % DO S.M.I. +1 ó 90 % DO S.M.I.	70 %	54.433-61.236 pts.
DO 90 % DO S.M.I. +1 ó 100 % DO S.M.I.	80 %	61.237-68.040 pts.
SUPERIORES ó 100 % DO S.M.I. +1	100 %	máis de 68.040 pts.

Referencia : Salario Mínimo Interprofesional (68.040 pesetas para o ano 1998).

Dos ingresos da unidade familiar, serán descontados os gastos destinados ó alugamento ou pago de hipoteca da vivenda de residencia habitual. Tamén poderán ter esta consideración o pagamento de créditos destinados a realizar obras necesarias para garanti-la súa habitabilidade.

O prezo público do Servicio de Axuda no Fogar, revisarase anualmente segundo o I.P.C.

4.- Excepcionalmente, e a proposta dos Servicios Sociais de Atención Primaria, poderán acceder ó Servicio de Axuda no Fogar, en condicións de GRATUIDADE, aquelas unidades familiares sobre as que se detecte situacións de alto risco para os membros máis vulnerables (especialmente menores) como unha MEDIDA de PREVENCIÓN e CONTROL necesaria.

Capítulo segundo Do sistema de xestión

Artigo 14º

Sen prexuízo do carácter público da planificación, coordinación e control do SAF, a xestión e maila execución poderase realizar segundo calquera das dúas modalidades previstas no artigo 8º da Orde.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogado o Regulamento do Servicio de Axuda a Domicilio aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en Sesión celebrada o día 14 de novembro de 1991.

ENTRADA EN VIGOR

Este regulamento entrará en vigor conforme ó establecido no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I

SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA

UNIDADES FAMILIARES DE 1 PERSOA

TRAMO DE INGRESOS	PUNTUACIÓN	INGRESOS EN PESETAS
ATA O 50 % DO S.M.I.	50	menos de 34.020 pts.
DO 50 % DO S.M.I. +1 ó 60 %	45	34.021-40.824 pts.
DO 60 % DO S.M.I. +1 ó 70 %	40	40.825-47.628 pts.
DO 70 % DO S.M.I. +1 ó 80 %	35	47.629-54.432 pts.
DO 80 % DO S.M.I. +1 ó 90 %	30	54.433-61.236 pts.
DO 90 % DO S.M.I. +1 ó 100 %	25	61.237-68.040 pts.
DO 100 % DO S.M.I. +1 ó 110 %	20	61.041-74.844 pts.
DO 110 % DO S.M.I. +1 ó 120 %	15	74.845-81.648 pts.
DO 120 % DO S.M.I. +1 ó 130 %	10	81.649-88.452 pts.
MAIS DO 130% DO S.M.I.	0	máis de 88.452 pts.

UNIDADES FAMILIARES DE 2 PERSOAS OU MÁIS PERSOAS

TRAMO SEGUNDO R.P.C.F.	PUNTUACIÓN	R.P.C.F. (PESETAS/98)
MENOS DO 20 % DO S.M.I.	50	menos de 13.306 pts.
DO 20 % DO S.M.I. +1 ó 30 %	45	13.307-20.412 pts.
DO 30 % DO S.M.I. +1 ó 40 %	40	20.413-27.216 pts.
DO 40 % DO S.M.I. +1 ó 50 %	35	27.217-34.020 pts.
DO 50 % DO S.M.I. +1 ó 60 %	30	34.021-40.824 pts.
DO 60 % DO S.M.I. +1 ó 70 %	25	40.825-47.628 pts.
DO 70 % DO S.M.I. +1 ó 80 %	20	47.629-54.432 pts.
DO 80 % DO S.M.I. +1 ó 90 %	15	54.432-61.236 pts.
DO 90 % DO S.M.I. +1 ó 100 %	10	61.237-68.040 pts.
DO 100 % DO S.M.I. +1 ó 110 %	5	68.041-74.844 pts.
MAIS DO 110% DO S.M.I.	0	máis de 74.844 pts.

Respecto de aquelas persoas que non dispoñan de bens susceptibles de poder ser transmitidos a través de herdanza, doazón ou similar a unha terceira persoa a cambio de facerse cargo dos seus coidados e atencións, a puntuación acadada segundo o tramo económico que lle corresponda, verase incrementada en 20 puntos adicionais.

Para o cálculo da Renda Per Cápita Familiar, teranse en conta a totalidade dos ingresos obtidos por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia, descontando os gastos destinados ó pagamento do aluguer ou hipoteca de vivenda. Tamén poderán te-la mesma consideración os gastos destinados á adaptación funcional do fogar ou as reformas necesarias para garantir uns mínimos de habitabilidade no mesmo.

ANEXO III

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

(Para os casos contemplados no punto 1 do artigo 8º, persoas con problemas de autonomía persoal)

- 1.- Carecer de familiares con obriga legal de alimentos:
cónxuxe, descendentes, ascendentes e irmáns:40 puntos
- 2.- Carecer de familiares con obriga legal de alimentos:
(excluídos os irmáns): cónxuxe, descendentes e ascendentes.....35 puntos
- 3.- Persoas que, aínda tendo familiares con obriga legal de atendelos, non poden facerse cargo da atención do solicitante por motivos de distancia, económicos, de saúde, de dispoñibilidade horaria ou similares, debidamente xustificadas.....20 puntos
- 4.- Persoas que viven soas e con familiares (no caso de telos) residentes fóra do Concello de Vilagarcía de Arousa e, en todo caso, lonxe do fogar do solicitante 15 puntos
- 5.- Convivencia de dúas ou máis persoas seriamente incapacitadas de tal xeito que sexan susceptibles de ser incluídas no Servizo de Axuda no Fogar 10 puntos
- 6.- Outras circunstancias non contempladas nos apartados anteriores, a valorar polo Traballador Social, debidamente xustificadas..... ata 14 puntos
- 7.- Solicitantes do SAF que conviven con unha ou máis persoas que se ocupan da súa atención e sen que haxa ningún motivo que lle impida ou dificulte gravemente dispensarlle os coidados mínimos0 puntos

A puntuación obtida nos apartados anteriores, NON É ACUMULABLE entre si, polo que se optará por aquela de maior puntuación, a excepción dos apartados números 4, 5, e 6, que si son acumulables entre si e con calquera dos anteriores.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste anexo, será de 79 puntos.

ANEXO IV

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

(Para os casos contemplados no punto 1 do artigo 8º, persoas con problemáticas non relacionadas directamente coa súa autonomía persoal).

SITUACIÓN A:

Familias nas que conviven un ou varios menores e nas que se detecta unha ausencia grave duns hábitos de vida básicos, a nivel de nutrición, hixiénicos, escolares, etc. derivados de problemas de falla de formación., problemas de alcoholismo ou drogodependencia, problemas de relación ou similaresata 150 puntos

SITUACIÓN B:

Familias con dificultades para atender ós menores, que non se poidan incluír no apartado anterior e nas que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) familias con falla de tempo para poder atender ós menores por traballar ámbolosdous pais ou titores.....ata 100 puntos

b) familias con falla de tempo para poder atender ós menores por participar ámbolosdous pais/titores en cursos de formación orientados á busca de emprego ata 80 puntos

SITUACIÓN C:

Outros casos, a valorar polo Diplomado en Traballo Social e que xustifiquen a necesidade e idoneidade de intervención a través do Servicio de Axuda no Fogarata 150 puntos

PREGO DE CLÁUSULAS QUE REXERÁ O CONCURSO TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR NO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

PRIMEIRA: Características do Servizo de Axuda no Fogar.

O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica dos Servizos Sociais de Atención Primaria que ten por obxecto prestarlles un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora ós cidadáns no seu propio domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia e evitando así a súa posible institucionalización, e de conformidade co establecido no Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa e na Orde do 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se regula este Servizo.

A variedade de prestacións que comprende, concrépanse nas seguintes atencións de conformidade co artigo 3º da citada Orde:

1. Atencións de carácter persoal, que engloba todas aquelas actividades que se dirixen ó usuario do Servizo cando este non poida realizalas por si mesmo ou cando precise: apoio no aseo e coidado persoal, axuda para comer, apoio á mobilización dentro do fogar, compañía, acompañamento fóra do fogar para a realización de diversas xestións necesarias, facilitación de actividades de ocio no fogar e outras atencións de carácter persoal que poidan ser incluídas con carácter específico para acadala finalidade deste servizo.
2. Atencións de carácter psicosocial e educativo.
3. Atención de carácter doméstico, que comprende actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas á alimentación, roupa, limpeza e mantemento da vivenda, etc. , tendo, todas elas, un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu contorno inmediato.

Actualmente, e para o presente ano 1999, o Servizo de Axuda no Fogar conta con un orzamento anual de 7.500.000 pesetas, e conta con subvención do propio Concello e do Ministerio de Asuntos Sociais e Comunidade Autónoma a través do denominado PLAN CONCERTADO.

SEGUNDA: Obxecto do contrato.

1.- O obxecto do contrato é a prestacións do Servizo de Axuda no Fogar dentro do Concello de Vilagarcía de Arousa a todas aquelas persoas ou familias que acorde a Comisión de Goberno e tamén naqueles casos de carácter urxente en que se poida acceder ó Servizo polo procedemento extraordinario.

2.- O procedemento de contratación do Servizo efectuarase mediante concurso.

TERCEIRA: Requisitos da Entidade contratante.

Poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e profesional, non estean comprendidas en ningunha das circunstancias ás que se refire o artigo 20 da Lei 13/1995 de Contratos das Administracións Públicas de 18 de maio e preceptos concordantes.

Coa proposición deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) Documento/s que acrediten a personalidade do licitador ou fotocopia compulsada do mesmo, así como a súa solvencia económica, financeira e profesional.
- b) No caso de actuar en representación de persoa física ou xurídica, deberá xuntar escritura pública de poder suficiente que acredite a mesma, debidamente validada polo Secretario Xeral da Corporación. Se a representación se refire a unha persoa xurídica, o poder deberá figurar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.
- c) No caso que concurse en representación dunha sociedade, deberá, así mesmo, acompañar mediante orixinal ou copia debidamente compulsada a escritura pública de constitución ou modificación con dilixencia acreditativa da súa inscrición no Rexistro Mercantil.
- d) Declaración xurada na que o licitador, ou o seu representante, afirme baixo a súa responsabilidade, que aquel non se atopa comprendido en ningún dos casos de incapacidade nin incompatibilidade para contratar coa administración á que se refire o artigo 20 da lei de Contratos das Administracións Públicas de 18 de maio de 1995.
- e) Recibo xustificativo de ter constituído na Tesourería Municipal a garantía provisional, e acreditación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- f) Plan de organización e funcionamento dos servizos con especificación de medios materiais e persoais.

Para concorrer á adxudicación, deberán , ademais, de presentar unha memoria na que se especifique:

- número de persoal integrante, así como a descrición da formación académica e experiencia
- estatutos da organización
- sede de referencia da entidade (teléfono e enderezo)
- proxecto de organización dos servizos obxecto do contrato.

Para a execución dos servizos obxecto do contrato deberá contar co persoal suficiente e cualificado para atender ás prestacións obxecto do contrato, asumindo os custos derivados da relación de dependencia do seu persoal, así como tódalas responsabilidades, tanto dos feitos susceptibles de producilas, como das relacións laborais con este persoal, que en ningún caso se considerará persoal municipal.

En ningún suposto, o Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, se subrogará ás relacións contractuais entre contratista e persoal da entidade adxudicataria, xa sexa por extinción da sociedade, quebra, suspensión de pagamentos, rescate ou calquera outra causa similar.

O adxudicatario deberá de ter unha sede social con teléfono funcionando en horario de mañá e de tarde, de luns a venres e sábados pola mañá.

CUARTA: Relacións da Entidade adxudicataria co Concello.

A Entidade adxudicataria manterá as correspondentes relacións de colaboración mutua co Concello a través do Departamento de Servicios de Atención Primaria, para o que a Entidade deberá de designar a unha persoa / persoas encargadas de recibir as oportunas ordes de prestación e todo tipo de indicacións sobre o desenvolvemento da prestación requirida polos responsables do citado Departamento, que as trasladarán ás persoas que realicen directamente a prestación.

A entidade adxudicataria deberá de comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia no desenvolvemento da prestación ó Concello, a fin de que este tome as medidas que estime oportunas.

QUINTA: Relacións co usuario:

A entidade e o persoal que pertenza a ela, deberá de eludir todo conflito persoal cos usuarios, informando expresamente de todo incidente ó Concello para que este resolva.

O persoal da entidade deberá cumprir as medidas de seguridade e hixiene establecidas na lexislación vixente, así como manter sempre o segredo profesional, observando as regras de boa fe e dilixencia.

SEXTA: Dereitos e obrigas do Concello.

O Concello ostentará en todo caso as potestades seguintes:

- a- ordenar as modificacións na prestación que aconselle o interese público
- b- fiscaliza a xestión da entidade adxudicataria, podendo inspeccionar o servizo e a documentación relacionada co mesmo, e dictar as ordes para manter ou restablecer a prestación
- c- en xeral, todas aquelas potestades necesarias para garantir a calidade e igualdade na prestación do Servizo

SETIMA: Dereitos e obrigas do adxudicatario.

A) Serán dereitos do adxudicatario:

- a) Recibir dos usuarios a parte proporcional do custo do Servizo de conformidade co acordado polo Concello así como recibir da Entidade Local a subvención que lle corresponda ó usuario.
- b) Tódolos outros que lle sexan recoñecidos no presente prego de condicións ou por acordos ou resolucións dos órganos municipais competentes.

B) O adxudicatario está obrigado a:

- a) prestar o servizo na forma, tempo e condicións establecidas
- b) cumprir as disposicións laborais e de Seguridade Social que sexan inherentes á súa condición de empresario do persoal ás súas ordes que presten servizo
- c) responder dos danos e prexuízos que ocasione con motivo da execución do Servizo e dos gastos orixinados á administración municipal por demora no cumprimento das súas obrigas

- d) presta-lo servizo ós usuarios con estricta igualdade de trato e adoptar cantas disposicións e medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos a persoas e bens
- e) asumir toda responsabilidade respecto ós danos e prexuízos que se lle poidan ocasionar ós usuarios do servizo ou a terceiras persoas, causadas por acción ou omisión do persoal afecto ó servizo ou os que se deriven das deficiencias nos elementos propios do concesionario
- f) a contratación do persoal necesario para a explotación do servizo, sendo da súa conta o pago dos salarios, emolumentos e seguros sociais e cantos outros gastos se deriven dos medios persoais de que se dispoña
- g) paga-los impostos e tributos de toda clase, tanto estatal, autonómico, provincial ou municipal que graven os servizos obxecto deste contrato
- h) a admisión de persoa ou persoas que designe a Alcaldía para a inspección e fiscalización das obrigas contractuais, poñendo a disposición dos mesmos tódolos datos
- i) cumprir, ademais das expresadas, cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por precepto legal ou regulamentario.

OITAVA. Réxime sancionador:

a) Faltas.

1. Serán consideradas como faltas leves do contratista no desenvolvemento dos servizos as seguintes:
 - a) atraso, negligencia ou descoido no cumprimento das súas obrigas
 - b) lixeira incorrección cos usuarios
 - c) en xeral, a falta de puntualidade ou incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descoido escusable
2. Serán consideradas como faltas graves do contratista:
 - a) o abandono do servizo, as faltas repetidas de puntualidade, a negligencia ou descoido continuado
 - b) o trato vexatorio ó usuario, salvo cando poida cualificarse como moi grave
 - c) falsidade ou falsificación dos servizos prestados
 - d) en xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas co usuario e a comisión de 3 faltas leves no transcurso de 1 ano
 - e) non garda-lo debido coidado respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que prexudique ó usuario ou se utilice no propio proveito
3. Serán consideradas como faltas moi graves as seguintes:
 - a) a acumulación ou reiteración de 3 faltas graves no transcurso de un ano
 - b) a notoria falta de rendemento, a prestación incorrecta ou defectuosa do servizo, tanto na súa calidade como na súa cantidade
 - c) a negativa infundada a realiza-los servizos ou tarefas ordenadas por escrito polo Departamento de Servizos Sociais, sempre que esta sexa unha actividade directamente imputable á empresa ou ós directivos responsables
 - d) calquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccións ou roubo ás persoas usuarias do servizo
 - e) as ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio grave ó usuario
 - f) en xeral, as accións ou omisións que supoñan infracción ou incumprimento do servizo obxecto do contrato e as características do mesmo que se opoñan manifesta e notoriamente a este prego de condicións.

b) Sancións.

1.- A comisión de falta grave ou leve, dará lugar, previo expediente instruído ó efecto, con audiencia do responsable/representante da entidade adxudicataria ó apercibimento da entidade contratada e á reparación do dano causado, todo el, sen prexuízo da existencia de responsabilidades da que o feito dera lugar.

2.- A acumulación de tres apercibimentos no período de un ano, dará lugar á revogación do contrato.

3.- A reiteración de faltas graves ou moi graves, suporá a resolución do contrato adxudicado á entidade, coas consecuencias previstas no artigo 67 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, en virtude do cal a Corporación declararía a inhabilitación do contratista.

NOVENA: Duración do contrato.

A duración do contrato será de 5 anos naturais, podéndose prorrogar por anos vencidos. O prezo/hora do contrato será revisado anualmente segundo o incremento do I.P.C.

DÉCIMA: Criterios de adxudicación:

Teranse en conta como criterios de adxudicación os seguintes:

- a) prezo por hora de traballo efectivamente realizado
- b) organización e medios cos que conta a empresa
- c) entidade constituída por colectivos de difícil reinserción laboral
- d) formación do persoal relacionada co traballo a desenvolver

CLÁUSULAS ADICIONAIS.

- 1) A idade mínima que deberá de te-lo persoal empregado pola entidade adxudicataria será de 18 anos.
- 2) O Concello poderá esixir ó persoal da empresa adxudicataria, que se someta a recoñecemento médico se o estima oportuno, así como esixir á empresa proba documental destes recoñecementos.
- 3) O Concello tamén poderá esixir, en calquera momento, proba documental da formación do persoal ó Servizo da Entidade adxudicataria directamente relacionada co traballo desenvolvido.
- 4) O Concello poderá establecer cantos regulamentos, ordenanzas ou normas de funcionamento considere necesarios e convenientes para os intereses municipais e a mellora no funcionamento do servizo.

DÉCIMO PRIMEIRA: Prego de condicións e presentación de proposicións.

1. As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, de 9:30 a 13:30 horas ou por correo na forma legalmente establecida dentro dos 26 días naturais seguintes a aquel no que se publique o último anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou Diario Oficial de Galicia.
2. Poderanse presentar reclamacións contra o prego de cláusulas particulares durante os oito días hábiles seguintes á publicación do anuncio.

3. As proposicións presentaranse en sobre pechado e lacrado e no seu exterior figurará a seguinte inscrición:
Proposición que presenta D./Dona..... en nome propio (ou representación de), tomando parte no concurso para a explotación do Servicio de Axuda no Fogar.

DÉCIMO SEGUNDA: Apertura de proposicións.

A apertura de proposicións presentadas polos licitadores, verificarase ás 12 horas do día seguinte hábil a aquel en que remate o prazo de presentación de proposición na Casa Consistorial perante a Mesa constituída polo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, un concelleiro en representación de cada grupo municipal e o Secretario Xeral, que dará fe do acto. A mesa desestimará as proposicións que no reúnan os requisitos enumerados no prego de condicións e pasará o expediente ós servicios municipais competentes do Concello para que emitan informe sobre a maior ou menor vantaxe das proposicións presentadas.

Para o suposto de que a apertura de proposicións corresponda celebrala un sábado, suspenderase ata o día hábil seguinte.

DÉCIMO TERCEIRA: Modelo de proposición.

D/Dona, en nome (ou en representación de), con domicilio en o día, informando do anuncio de licitación do concurso convocado para a contratación do Servicio de Axuda no Fogar do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, manifesta:

1º. Que coñece o Prego de Condicións para a adxudicación do concurso para a contratación..... ó que presta a total conformidade

2º. Declara baixo a súa responsabilidade que como licitador ten capacidade xurídica e de obrar e reúne os requisitos específicos esixidos, non atopándose incurso en ningunha das causas de incapacidade nin incompatibilidade para contratar coa administración municipal.

3º. Establece o prezo por hora de traballo efectivamente realizado no servicio en pesetas.

4º. Acompaña o Plan de organización e funcionamento do servicio e demais documentación esixida no Prego de Condicións, lugar, data e sinatura do licitador.

DÉCIMO CUARTA: Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo pola Sra. Secretaria Xeral da Corporación.

DÉCIMO QUINTA: Gastos.

Ademais dos gastos a cargo do contratista, especificados no presente prego de condicións, serán de conta de aquel os que se deriven dos trámites licitadores e de formalización do contrato, tales como anuncios, edictos, reintegros e análogos.

DÉCIMO SESTA: Xurisdicción contencioso-administrativa.

O presente contrato ten natureza xurídico-administrativa, polo que todo o referente ó cumprimento, interpretación ou resolución, rexeráse pola Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vilagarcía de Arousa, 11 de marzo de 1999.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Xoaquín X. Gago López

Asdo.: Rosa Losada Suárez

ANEXO AO REGULAMENTO DO SAF MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Aprobada a Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, en tanto en canto non se aprobe o novo proxecto de orde polo que se regulará o servizo de axuda no fogar da comunidade autónoma e o noso Concello adapte o seu regulamento a dita orden, inclúense as seguintes precisións co respecto aos epígrafes:

1.- Persoas destinatarias. (Título II, Capítulo I do regulamento- Dos Usuarios)

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.
2. Darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.
3. Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos nesta orde, as ordenanzas municipais reguladoras do servizo establecerán os sistemas de acceso por libre concorrencia ao servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á contemplada no apartado anterior.

2.- Modalidades de acceso ao servizo. (Título IV do regulamento- Do Acceso ao Servizo)

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do

sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema, o acceso ao servizo, previa prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrència de acordo cos criterios establecidos na normativa reguladora do programa e na correspondente Ordenanza Municipal.
3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederáse nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivencias e socio-educativos.
4. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 desde artigo empregárase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio-familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

3.- Intensidade na prestación do servizo. (Título IV, do regulamento- Do Acceso ao servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de Atención.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de maneira que se garanta a cobertura das

necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais os fins de semana e festivos.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.
4. O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

4.- Prestación do servizo. (Título II, Capítulo II do regulamento- Do Persoal do SAF)

1. O servizo de axuda no fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa préstase a través da entidade adxudicataria CLECE, S.A. (nº rexistro AS-1410, con data de 16 de decembro de 2005).
2. O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais.
3. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de atender a persoas afectadas por déficits de autonomía, estarán en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións, conforme ao establecido no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, polo que se establece o certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, ou ben a establecida no Real Decreto 295/2004, de 20 de febreiro, polo que se regula a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas a domicilio, sen prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida ben mediante experiencia laboral ou mediante aprendizaxes non formais, da maneira que regulamentariamente se estableza.
4. A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que

as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

5.- Dereitos das persoas usuarias. (Título II do regulamento- Dos Usuarios e Persoal do Servizo)

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 36 da lei 4/1993, de servizos sociais, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
5. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
6. A prestaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

6.- Deberes das persoas usuarias. (Título II, Capítulo III do regulamento- Das obrigas do persoal)

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da lei 4/1993, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
4. Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
5. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
6. A comunicar con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo

7.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias. (Título V do regulamento- Da financiación e Xestión do Servizo)

Con respecto a este punto, remitirse ao establecido no Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar para o Concello de Vilagarcía de Arousa.